

28 POEMAS AGRESTES

Emily Brönte

Tradución de Yolanda López López



Emily Brönte

28 POEMAS AGRESTES

Versión galega de Yolanda López López

LIMIAR

Indómita Ellis Bell: O labirinto onírico na flor do imaxinario

É curioso que os poemas que Emily Brönte escribiu baixo o pseudónimo de Ellis Bell son practicamente descoñecidos na nosa terra. En todo o mundo é coñecida pola súa única novela *Wuthering Heights*. Pero o certo é que dende moi nova, dende os sete anos, escribiu sen descanso verso e prosa, ao igual que as súas irmás escritoras.

Emily Jane Brönte naceu o 30 de xullo de 1818 en Thornton, no condado de York. Era a terceira dunha familia integrada polo pai de orixe irlandés, Patrick Brönte, tres fillas, Charlotte, Emily e Anne, un varón, Branwell, e unha tía, irmá da súa nai morta prematuramente o 21 de setembro de 1821. Non podemos prescindir de ningún membro da familia se desexamos entender a este clan de escritores cuxos membros son interdependentes no

familiar e no artístico, mais cada un deles dotado dunha forte personalidade e dunha extrema espiritualidade cósmica.

Os catro irmáns nacen na segunda metade do século XIX, e xa daquela, os escritores ingleses, en especial os poetas, recreaban o mundo segundo a súa propia visión interior, e mantíñanse á cabeza da destacada corrente artística e de pensamento que recorreu Europa e que chamamos Romanticismo, e á que Emily Brönte era fiel en contido e en estilo.

Dende 1820 a parroquia de Haworth foi o fogar definitivo desta familia, daquela casa da que ía saír unha espléndida literatura. Inmersos nunha natureza salvaxe, dende as súas fiestras contemplaban infinitude de horizontes indecisos, asolados polo vento e a neve no inverno, mais refulxentes e floridos no verán, como tamén oírían caer a chuvia incesante sobre os sartegos da igrexa. Alí creceron e maduraron aqueles espíritos románticos sempre en contacto co invisible e co máis alá.

Naquelas paraxes vivían aillados do mundo exterior, mais lucrábanse dos beneficios da biblioteca da cidade veciña, do ambiente cultural da rexión, e das publicacións periódicas do momento que o seu pai lles proporcionaba. Aínda que foi un fogar onde a arte, a literatura, a historia e a filosofía reinaban pola súa presenza, tamén foi a miúdo un lugar onde imperaban a dor, a enfermidade e a morte.

Cómpre engadir que tiveron un infancia feliz, unha infancia que Emily lembra nun dos seus poemas como sosegada, luminosa,

fervente de imaxinación e de territorios fantásticos que enchían as súas vidas de fulgor, todo un compendio de metáforas rebordantes de historias máxicas.

Emily posuía sen dúbida a personalidade máis salvaxe, a máis poética, indomable e imaxinativa. Sendo unha rapaza moi introvertida e taciturna, ela vivía as súas quimeras e visións. De feito, penetrou como unha auténtica habitante na gruta dos románticos e, coma o seu pai, fervía de paixón pola poesía e pola natureza.

En 1837 traballou como profesora nun internado de nenas, e a súa estancia alí foi proveitosa para a súa produción literaria, pois aquel ano escribiu moita poesía onde o telurismo e as emocións intensas abroullaban en cada un dos seus versos.

A situación económica da familia Brönte foi sempre precaria, polo que as irmás decidiron poñer unha escola para nenos, mais a súa preparación insuficiente en linguas modernas, levounas a emigrar a Bruselas para adquirir os coñecementos indispensables. Coa axuda da súa tía para sufragar gastos, en febreiro de 1842 o reverendo Patrick Brönte deixa as súas fillas no internado Heder, 32 rue d'Isabell, en Bruselas. Coa morte da súa xenerosa tía e a fortuna herdada, decidiron pois instalar a súa desexada escola. Escribiron cartas, imprimiron prospectos, mais desafortunadamente, ningún só rapaz acudiu ás súas portas.

Antes da morte do seu irmán Branwell en 1848, consumido pola droga e o alcohol, Charlotte atopa por casualidade un caderno de

poemas de Emily e queda sorprendida e admiraba pola súa calidade, polo que decide dalos a coñecer. Mais a súa autora amosa un carácter violento e enfurecedor: ela escribía versos para sí mesma, non toleraba que violasen a súa intimidade que ela soamente compartía cos seus personaxes imaxinarios e as súas pantasma. Despois de moitos esforzos conseguiron convencela de que aqueles poemas merecían unha publicación. Así pois, as irmás compuxeron un tomo con versos pertencentes ás tres. Charlotte atopou editor despois dalgúns esforzos, e por 35 libras, en maio de 1846 saíu do prelo o libro titulado baixo pseudónimo *Poems by Currer, Ellis e Acton Bell*. Escribíronse dúas críticas favorables, malia que só conseguiron vender dous exemplares, e as súas dotes literarias non se viron xustamente recompensadas.

Aínda que a súa situación económica e de saúde non eran positiva, elas escribían, escribían, e escribían, e foi en 1847 cando *Wuthering Heights* e *Agnes Grey*, esta última pertencente á pequena das irmás, Anne Brönte, foron publicadas. Ningunha das dúas tivo fama, no caso da novela de Emily, por considerala unha obra ruda, bruta, inmoral e salvaxe, en contraste co extraordinario éxito que meses antes obtivera Charlotte con *Jane Eyre*.

Despois do funeral de Branwell, Emily volveu a casa acatarrada, con dor no peito, tos e moita febre. Negouse a recibir a un médico até que o 19 de decembro de 1848 aceptou, tumbouse no sofá e cando o doctor chegou, Emily xacía morta, morte e enigmática

como sempre viviu. A tuberculose impregnou a súa saúde de negrura e escuridade. Tiña tan só trinta anos.

Despois de analizar unha personalidade tan misteriosa, non nos sorprende que a súa poesía permaneza dominada por ese *magic power* que Coleridge definiu. Non podemos saír do mundo romántico se desexamos valorar a literatura de Ellis Bell. Foi precisamente o poeta e filósofo Coleridge o que definiu esta imaxinación tan potente como: “the link between the known universe and the transcendental realm” (o nexo entre o universo coñecido e o reino transcendental), un reino onde se move esta escritora e onde atopamos o valor supremo da fantasía por considerala a parte activa da mente.

Coleridge tamén fala no Capítulo XII da súa *Biographia Literaria* do termo da liberdade romántica: “The medium by which spirits understand each other is not the surrounding air, but the freedom they possess in common” (o medio polo que os espíritos se entenden entre sí, non é o aire que lles rodea, senón a liberdade que posúen en común).

Podemos afirmar que Emily segue este proceso das almas románticas, facendo uso dunha liberdade sen límites, e axudada pola fantasía, e unha imaxinación que a leva ao mundo do máis alá, un proceso do que ela é consciente, pois ela sabe que a imaxinación existe como un ente autónomo. De feito, escribe un precioso poema, *To the imagination*, no que agradece que a separe do mundo exterior, *World without*, que despreza, do *World within*

que dobremente estima. Esta separación é constante no mundo espiritual de Ellis Bell.

Foron moitos os poetas que influíron na literatura de Emily e foron permanencia constante na súa obra: Byron, o poeta visionario, Wordsworth, o íntimo amante da natureza, sen esquecer aos románticos alemáns. Mais tamén lle inquedaron poetas anteriores, como Milton e o seu paraíso perdido, e foi precisamente o personaxe de Satán, o anxo caído, o que máis interese lle provocou. O poder e a vinganza satánica axiña figuraron no mundo fantástico de Emily, que ela denominada: Gondal, e tamén en Heathcliff, o satánico protagonista da súa magnánima e única novela.

Nos meses que estivo na escola de Law Hill desenvolveuse nela un íntimo sentimento de nostalxia e morriña, e así escribe un fermoso poema *Un momento, tan só un momento*, que é un claro expoñente desa nostalxia angustiosa, desa profunda experiencia espiritual que ben poderíamos chamar éxtase. É este un poema clave que marca un inicio no proceso literario da mística Ellis Bell.

A éxtase, unha vez acadada, é un anhelo permanente, unha felicidade pura, e as experiencias que Emily tivo na soedade de Law Hill fóronse facendo co tempo máis complexas e, no sucesivo, inspiración total da súa poesía. Fálanos de desexos, de visións que só a natureza responde. As súas visións son deleitosas, fálanos da paz que a invade, da música calada que calma o seu

peito, tamén de desfalecementos, de harmonía infefable, de liberdade que converte os seus sentidos corporales en ausentes.

O seu espírito recibe visitantes, personaxes de Gondal, ou cecais Deus mesmo, cos que dialoga pois son eles mensaxeiros e partícipes das súas visións. O espertar destes trances era angustioso, en contraste co deleite dos mesmos. O seu poema *A prisioneira* é clave neste senso e pertence, sen dúbida, ao seu universo imaxinario, o que fai evidente a súa necesidade de estar soa, de comunicarse co invisible, de liberar a súa alma do *dungeon of clay*, do cárcere de lama, e así é como chega a desexar a vida na morte.

É precisamente a morte un concepto moi variable na súa poesía. Unhas veces é o mellor desenlace que a vida lle pode ofrecer; outras os seus minúsculo espíritos, *glittering spirits*, danlle unha mensaxe de xúbilo e lle falan da morte coma un ben seguro; outras prodúcenlle temor e medo a perder as belezas deste mundo, a natureza salvaxe e a ledicia de vivir, a cambio dunha inmortalidade descoñecida; e outras, a morte é unha forza demoledora e sobrecolledora que equipara toda a personalidade e todo o conflito do corazón humano entre o ben e o mal.

A poesía de Emily tamén defínese pola forma dialogada cos seus variados visitantes, co seu propio corazón, unha verba que repite constantemente nos seus poemas, e con Deus mesmo. O seu Deus é omnipresente e consolador, ese *strong power* ao que lle pide reciprocidade: “I trust Thy might, trust Thou my constancy” (confío

no teu poder, confía ti na miña constancia). Deus é para ela o mensaxeiro da esperanza que a conduce todas as noites á eterna liberdade.

Non hai dúbida de que Emily Brönte é unha das escritoras máis interesantes do século XIX tanto en prosa como en verso, malia pasar inadvertida durante a súa breve vida. A súa lectura non é fácil, mais sí apaiñoante se logramos entrar, aínda que sexa por un instante, no seu complexo *World within* inseparable da súa totalidade cósmica. Tanto os texto como a cronoloxía de Ellis Bell ofrecen problemas e dúbidas aos eruditos, aínda así, a forma externa desta coidada selección de poemas caracterízase pola súa sensible musicalidade, por un estilo delicado e ao mesmo tempo agreste, forte, salvaxe, malia a sencillez dos versos no aspecto léxico e métrico.

Camiñen pois, polos vieiros segredos dunha poeta que abroulla nos cumios borrallentos da emoción elevada e do soño máxico, dunha autora que esperta na morte e vive intacta no castelo glorioso do latexo literario.

21 de xaneiro do 2013

O PAXARO HABITA NO ESCARPADO ABRENTE

O paxaro habita no escarpado abrente,
A alondra traza o aire en silencio,
A abella danza entre as campás do breixo
Que agochan á miña fermosa Señora.

O veado salvaxe sobre o seu peito con frialdade,
As aves silvestres elevan as súas ás quentes;
E Ela sorrí indiferente a todo o mundo,
Deixárona soa na súa soedade!

Supuxen que cando o escuro muro do seu sartego
Retivera a súa delicada e feminina forma,
Ninguén evocaría a ledicia que recorta
A luz efémera do xúbilo.

Pensaron que a onda da tristura desaparecería
Sen deixar pegada nos anos vindeiros;
Pero onde está agora toda a amargura?
E onde aquelas bágoas?

Deixan que loiten pola honra do alento,
Ou polo pracer sombrío e forte,
O morador da Terra da Morte
É inconstante e indiferente.

E se os seus ollos observasen, chorasen
Até que a fonte da dor seque,
Ela non retornará do seu tranquilo soño
Nin devolverá os seus suspiros.

Sopra, vento do oeste, sobre o árido túmulo:
Murmuren, ríos de verán!
Non hai necesidade de outros sonidos
Para custodiar á miña dama no seu descanso.

EU SON O UNICO SER CUXA SORTE

Eu son o único ser cuxa sorte
Non hai lingua que a busque nin ollos que a choren,
Que eu nunca causei ningunha dor
Nin sorriso algún de alegría.
Entre goces e bágoas segredas
Esvarou esta cambiante vida,
Tan orfa estou agora de amor,
e tan soa, como o día no que nacín.

Houbo un tempo que non podo agochar,
Houbo un tempo para min lúgrube
Porque a miña alma doente esqueceu o seu orgullo,
E ansiou que alguén a amase aquí.

E foi este esplendor primeirizo
De sentimentos domados pola dor,
Mais morreron hai xa tanto tempo
Que xa non sei se foron ou non.

Primeiro esvaeceu a esperanza dos días de mocidade,
Despois desapareceu o arco da vella da ilusión,
Máis tarde a experiencia me dixo
Que en mortais peitos non creceu verdade.

Causa dor pensar que o ser humano
É baldío, servil e mentireiro,
Mais peor é confiar no propio corazón
E atopar que alí tamén hai podredume.

17 de maio de 1837

EU VINTE, MEU NENO, UN DÍA DE VERÁN

Eu vinte, meu neno, un día de verán,

Deixar o teu xogo ledo

E na herba tendido

Escoitei o teu magoento suspirar.

Eu coñecía o desexo que espertaba este xemido,

Eu coñecía a fonte da que manan estas bágoas:

Ti desexabas que o fado erguera o veo

Que agochaba aos días vindeiros.

Escoitouse a pregaría atormentada,

E visitoume o poder, na hora silandeira,

De abrir as portas infinitas do futuro

Á vista dese neno.

.

Pero, ouh, neno de lama, perfume de rosas,

luminoso azul, apacible campo,

Foron guías estraños cara a follaxe

Que os teus audaces pasos deberon pisar.

Eu acechaba o meu tempo, pasou o verán,

Pasou veloz o outono de escuros días,

As tristes noites de inverno ao fin
De neboento luto vestiron ao ceo.

Agora veño eu: caeu a tarde
Sen treboada, mais de pesada calma,
E algo pasou sobre ti como un repicar de difuntos
Para borrar alegrías benvidas.

Unha forte ráfaga axita as pólas,
Asubía ao outro lado do negro muro
E un prolongado lamento angustia,
Porque éste é o anuncio do espectro.

E así me escoita: que súbito comezo
Envioume a ese corazón o xélido sangue;
Espértame: qué cadavérico e branco
Olla ese rostro á difusa luz da buxía.

Esas mans pequenas procuran en van
Apartar a sombra adversaria:
Hai horror na súa fronte
E lamento no seu peito.

Angustia horrible hai nos seus ollos
Estáticos, inmóviles, no aire tan vacío,
E rebenta en fondos e longos suspiros

O seu vociferante alento encadeado polo medo.

Pobre neno, se espíritos como o meu,
Puideran chorar ante a miseria humana,
Moitas bágoas poderían verquer,
Contemprar a senda que está de fronte,
contemprar a caída do sol,
e escoitar as augas no treboento ruxir
rachando nunha praia desolada,
privado de esperanza ao amencer.
Privado de poder e de gloria.

Mais é un destino, e a luz temperá da mañá
Prolonga a imaxe do ceño da noite,
E a flor da infancia perderá a súa beleza
Baixo a sombra da tumba solitaria.

xullo de 1837

ESTABA SOA

Estaba soa, xa morría o estío
Na súa luz sorrinte;
Vino morrer, vino esvaecerse
Dende o bretemoso cumio até a prácida chaira.

Os meus pensamento agolpáronse na miña alma
E o meu corazón dobregouse ao seu poder,
Mais saíron as miñas bágoas correndo
Porque non podía expresar os seus sentimentos:
O gozo solemne que quedou afundíame
Nesta hora serena e prodixiosa.

Pregunteime: ¿Por qué o ceo
Me negou a min
O don valeroso que lle deu a outros,
O poder de converter os seus pensamentos en poesía?

Circundáronme os soños
Dende a miña infancia luminosa e sosegada,
Eran visións sustentadas pola miña fantasía fervente,
Xa que a vida estaba na súa alborada.

Mais agora, cando eu agardaba poder cantar,

Os meus dedos apreixaron unha corda muda

E o meu esforzado afán me advirte:

“non loites máis, porque será en van”.

agosto de 1837

Á TORRE DA VELLA IGREXA

Á torre da vella igrexa e ao muro do seu horto
Ennegreceunos a chuvia de outono,
E ventos apenados presaxiaban
De novo a escuridade.

Miro como o solpor releva
Ao alegre e glorioso día,
Miro como densas sombras borran
Os resplandores rezagados da tarde.

Mentres ollaba o ceo sombrío
Tristes pensamentos alzáronse na miña mente...

outubro de 1837

OUH! NA HORA NA QUE DURMA

Ouh! Na hora que durma,
Fareino sen identidade,
E xa non me importará como cae a chuvia,
Ou se a neve amortalla os meus pés.
O ceo non promete desexos salvaxes,
Poderán cumprirse, cecais a metade.
O inferno e as súas ameazas,
Coas súas inextinguibles brasas
Endexamais someterán esta vontade.

Polo tanto digo, repetindo o mesmo,
E até que morra, repitireino:
Tres Deuses dentro deste pequeno marco
Guerrean día e noite.
O Ceo non os manterá a todos, aínda así
Eles aférranse a min;
E meus serán até que o esquecemento
agoche o que resta do meu ser.

Ouh! Cando o Tempo busque o meu peito para soñar,
todas as batallas rematarán!
Pois chegará o día no que deba descansar,
E este sufrimento non me atormentará.

LONXE, MOI LONXE, ATÓPASE A MORADA DA PAZ

Lonxe, moi lonxe, atópase a morada da paz,
A milleiros de leguas,
Despois de moitas montañas de cumios axitados,
Despois de moitos desertos orfos de verdor.
Consumido, canso vai o camiñante,
Triste o seu corazón e turbia a súa ollada,
Non ten esperanza, nin consolo,
Vacilante, desfalecido, quixera morrer.
Xa olla cara o ceo desapiadado,
Xa olla cara o duro camiño que pisa,
Que xa desexaría tumbarse no chan
E soltar o pesado cargamento da vida.

Non esvaezas, viaxeiro taciturno,
Leguas e leguas deixaches atrás
Dende que sen sol comezaches o teu camiño,
Continúa, pois, resignado no teu afán,
E se aínda desesperas da túa vontade,
Fai calar ás súas voces no teu peito
E acadarás a meta final,
Porque chegarás onde mora a paz.

NON ME TRAE O SOÑO ALEGRÍA

Non me trae o soño alegría,
As lembranzas nunca morren;
A miña alma cae na morriña
E vive entre lamentos.

Non me trae o soño descanso;
As sombras dos mortos,
Que os meus ollos esperta nunca ven,
Rodean o meu leito.

Non me trae o soño esperanza,
Achégase cando estou durmida,
Mais a súa imaxe falaz
Fai máis fonda a miña amargura.

Non me trae o soño valor,
Ningún renovado poder faino bravo;
Eu só navegonun mar máis aireado,
Unha onda máis negra.

Non me trae o soño un amigo
Que me axude a soportar a vida con tenrura,
Todos ollan para min, con que ironía!

E non hai esperanza para min.

Non me trae o soño o desexo

De apreixar no meu peito o meu corazón asediado,

Só desexo acadar o esquecemento

No soño eterno da morte.

novembro de 1837

CONTEMPLO A NOITE ESCURECER

Contemplo a noite escurecer,
O vendaval sopra frío,
Mais un violento presaxio ameaza
E non podo, non podo acudir.

As árbores xigantes dobran,
A neve pesa na espida follaxe,
A treboada veloz amordaza
e aínda así non podo acudir.

Sobre a miña cabeza densos nuboeiros,
Abaixo estrago e ruína,
Mais nada triste me conmove
E non irei, non podo acudir.

novembro de 1837

VOLTAREI A TI

Voltarei a ti,
Cando esteas moi triste,
Na soedade da habitación escura,
Cando o ledo e tolo día fuxa,
E o sorriso feliz desapareza
Pola mágoa da noite fría.

Votarei a ti,
Cando o verdadeiro sentir do teu corazón
Reine imparcial e absoluto,
E a miña influencia silandeira,
Afondada a dor, conxelada a alegría,
Erguerase sen demora coa túa alma.

Escoita! É a hora,
O momento tan temido por ti.
Non sentes o fluír do río no teu peito
dunha sensación insólita,
Precursora dun poder máis forte
Que a quen anuncia é a min?

novembro de 1837

COROLA DE NEVE

Ouh, fugaz pasaxeiro da gloria!

Ouh, silente signo de ceos invernais!

Que ventos adversos incharon as túas velas

Cara ao cárcere onde me sinto cautiva?

Penso que as mans severas

Que curtiron ao sol dende o cumio sombrío

Pudieron facer caladas a súa rebelde tarefa

E moderar algo tan fráxil coma ti.

Un sen fin de días e semanas

Pesaba a tristura no meu corazón

Cando viña a mañá no seu luto grisáceo

E case non afumaba a celda da miña prisión.

Mais ti, na forma dun anxo, cando eu espertaba,

O teu rostro de prata suave e fermoso

Brillaba nas brétemas e así me falaba doce

De ceos neboentos e montañas espidas,

Máis prezados para unha montañeira

Que sempre amou a neve

Que coroa os seus miserables cumios nativos,

Que os máis verdes prados na chaira.

Ouh, mensaxeiro silandeiro e exánime,

A túa presenza espertou unha melodía sentida,

Que me anima cando estás aquí

E me manterá cando desaparezas.

decembro de 1837

TANTO MÁIS LEDO ESTOU CANTO MÁIS LONXE

Tanto máis ledo estou canto máis lonxe

Aparto a miña alma da súa morada de arxila

Cando na noite o vento sopra, a lúa resplandece,

E vagan os ollos por mundos de luz.

Cando eu non son e nada é,

Nin terra, nin mar, nin ceo sen nubes.

Senón a miña alma, que voa,

Pola infinita inmensidade.

febreiro de 1838

CANCIÓN

Esta será a túa canción de berce,
Mecéndote nun mar tempestuoso,
Que aínda que brame o horrísono estrondo
Ti dorme, dorme tranquilo, o meu neno de cabelos negros.

Cando a nosa incerta barca cruzaba
O lago Elderno con bruscos vaivéns,
Por primeira vez o meu neno sorriu.
Ti dorme, dorme tranquilo, o meu neno de fermosa fronte.

As ondas escachan contra o berce,
Amargas bágoas hai no teu rostro,
Mais só o Océano entra en calma
Cando leva ao meu neno que aquí adormece.

maio de 1838

PÚÑASE O SOL DA TARDE

Púñase o sol da tarde

Detrás dos baixos e verdes montes

e as árbores apiñadas;

Era unha escea tan fermosa e solitaria

Como endexamais sentiu a brétema dócil

Que dobrega a herba, cando o día esvaece,

E dá á onda un azul máis refulxente,

E fai que as brancas e brandas nubes

Naveguen como espíritos de orballo etéreo,

Que toda a mañá cernéronse

Sobre as flores puras onde se mecen,

E agora ao ceo volven unha vez máis

Onde as súas fulgorosas glorias amosaron primeiro.

23 de setembro de 1838

ESTROFAS

Un momento, tan só un momento
Estará recollido o alporizado xentío,
E eu podo cantar e rir;
Que un momento será festa para min.

A onde irás, meu abafado corazón?
Moitas terras agora convidante;
Lugares moi preto, outros distantes
Ofrécenche descanso, a miña cansa fronte.

Hai un lugar entre os ásperos montes
Onde o inverno brama e a chuvia é torrencial;
Pero se a treboada xea coitada
Hai unha luz que volve a quentar.

A casa é vella, as árbores espidas,
E sen lúa cómbase a neboenta bóveda.
Mais que hai no mundo máis prezado
Máis desexado que o propio fogar?

O paxaro mudo sostense na rocha,
O húmido musgo pingando no muro,
Cuberto de herbas o sendeiro do xardín.

Que amor téñolle a todo, que profundo amor!

Irei alí?

Ou buscarei outros climas, outros ceos

Onde outras línguas falen de música coñecida,

Con acentos queridos ao meu corazón?

Sí, soñaba, a espida estancia,

A vacilante chama apagouse,

E dende o fondo de tristes brétemas,

Entrei na luz dun claro día.

Un verde sendeiro solitario

Que se abre a unha inmensa chaira,

Ao lonxe, unha cadea azul de montañas

Difuminada e de ensoño, cercan darredor.

Un ceo tan claro, unha terra tan tranquila,

Tan doce, tan suave, tan susurrante o aire

E as ovellas do páramo pastando por doquier

Aínda fan máis fondo este encanto de ensoño.

Este era o panorama, tan coñecido,

Todos os sendeiros, os de aquí e os de alí, coñecía,

Que serpenteando nos frondosos relieves,

Trazaron un roteiro do cervo vagamundo.

Só unha hora me fixo demorar,
Que ben valiu unha semana de traballo,
Pero a realidade borrou o que puido a fantasía
E xa escoito pechar as reixas da miña prisión.

Mentres permanecía cos ollos erguidos
Na éxtase profunda e luminosa,
A miña hora de descanso foi fugaz
E levoume a un duro coidado.

4 de decembro de 1838

ESTROFAS

A miúdo rexeitados, mais de novo recollidos
Este sentimentos primeiros que conmigo naceron,
Deixando o acoso da abundancia e o saber
Por soños ociosos de algo imposible.
Hoxe, non buscarei a rexión umbrosa,
A súa desolada vastedade que a volve triste,
E as visións que se alzan lexión tras lexión
Achegáanse de estraña maneira ao mundo irreal.

Camiñarei, mais non polos vellos surcos heroicos,
Nin polos camiños de excelsa moral,
Nin entre rostros non máis que vistos ao lonxe,
Formas nubradas da historia que foi.

Camiñarei por onde o meu propio ser me leve,
Escollerei outro guía.
Por onde os grises rebaños pastan entre as serras,
Polas faldras das montañas onde sopra o furacán.
Que revelaron estes montes solitarios?

Máis gloria e máis dor da que xa non podo expresar;
A terra que un corazón humano esperta ao sentimento
Pode do Ceo e do Inferno os dous mundos centrar.

ESCOITO O VENTO SALAIAR

Escoito o vento salaiar

Nas súas notas máis morriñentas do Outono,

Tantas follas secas caeron

No chan como flores de primavera.

Esta escura noite incítame

A vagar lonxe,

E vellos sentimentos me asedian

Como as aves rodean á súa presa.

Foron un tempo fráxiles e delicados,

Máis agora lúgubres e sombríos,

Quixera que as súas lentas sombras decaeran

Cando a súa luz esvaeza da miña fronte.

Como os vellos que imitan

A dozura dun neno,

Así o meu alterado e duro corazón baixa

A atoparse coas súas indómitas quimeras.

Se puidera cos vellos praceres

Mercar o esquecemento das vellas dores,

Que pola morte dos meus apracibles tesouros

Os meus fondos pesares morreran.

Acaso entón outro amencer

Podería no alto alborecer,
Outro verán dourar a miña meixela,
E así dourar a miña alma outro amor.

29 de outubro de 1839

O VENTO DA NOITE

Na doce medianoite do verán
resplandecía a lúa sen nubes
Pola fiestra aberta da estancia
Humedecendo os rosais de orballo.

Eu permanecía silandeira meditando,
O suave vento ondeaba no meu cabelo,
E dicíame que o ceo é glorioso
E fermosa a terra durmida.

Non precisaba do seu alento
Para que estes pensamentos chegaran a min,
Mais aínda quedo murmuraba:
“Que escuros deben estar os bosques!
As súas apoutadas follas co meu rumor
ouveaban como un soño,
E os seus milleiros de voces
Asemellan posuír alma humana.”

Eu dixen: “Vaite, xentil cantor,
A túa galante voz é doce,
Mais non creas que a súa música
Pode cegar á miña mente.

Xoga coa olorosa flor,
A ramaxe tenra da árbore nova,
E deixa os meus humanos pensamentos
Correr o seu curso.”

O vento errante non me deixaba,
O seu bico fíxose máis quente.
“Vén”, suspirou con dozura,
“Conquistareiche aínda que non desexes.

Non somos amigos dende nenos?
Non te ameí moito tempo?
Tanto coma ti amaches a noite
Cuxo silencio esperta a miña canción.

Cando o teu corazón estea en calma
Baixo as lousas do camposanto,
Eu terei tempo para chorar
E ti para estar soa.”

11 de setembro de 1841

AQUÍ ESTÁ

Aquí está. Esta noite esperta
Doces pensamentos que non morrerán
E resplandores de lume de paixóns
Tan refulxentes como en anos foron.

Podo dicir pola túa meixela inquada,
Polo fulgor dos teus ollos
E pola verba que apenas pronunciaches
Con que tolemia xoga a fantasía.

Sí, podería asegurar que un vento glorioso
Barreu o mundo,
Borrou a súa memoria da túa mente
Como a espuma da marexada,

E eres agora un espírito verquendo
En todo a túa presenza,
A esencia do ruxir da tempestade
E da tempestade o seu descenso,

Unha influencia absoluta
Libre da túa propia influencia,
Un principio de intensa vida

Perdida para a mortalidade.

Así en verdade cando o teu peito estea frío

Liberarase a túa alma da súa prisión,

O cárcere misturarase coa lama

E será cautivado polos ceos.

6 de xullo de 1841

VEXO ONDA MIN OS SEPULCROS GRISES

Vexo onda min os sepulcros grises
Alongando a súa sombra ao lonxe.
Baixo o céspede que os meus pasos pisaron
Os mortos están sós e en silencio;
Baixo o céspede, baixo a lama
Para sempre escuro, para sempre frío.
Os meus ollos non poden conter as bágoas
Que acumulan as lembranzas dos anos pasados;
Porque o tempo, a morte e a dor
Abren feridas que nunca pechan.
Só quero sementar a metade da aflicción
Que aquí vin, oín e sentín,
E que o mesmo ceo, tan puro e limpo,
Calme algunha vez ao meu espírito.
Doce fogar de luz! Os teus fermosos fillos
Nada saben do noso desalento,
Non o sentiron, non poden dicir
Que habitantes abafan ao mortal corpo,
Que tétricos hóspedes temos dentro:
Tormento e loucura, bágoas e pecado.
Está ben que eles vivan en éxtase
A súa longa e feliz eternidade,
Non queremos traelos a este mundo

A chorar con nós, xemir con nós.
Non, a terra non desexa outra esfera
Para esgotar o seu cáliz de triste padecer;
Ela aparta sen coidado a vista do ceo
E somentes lamenta que temos que morrer.
Ouh, Nai, Como consolarte
Nesta pena sen fin?
Para aledar a nosa ansiosa ollada
Vémoste sorrir con doce sorriso
Pero, Quen non sinte a través desa cálida ledicia
A túa profunda inefable dor?
Non hai unha merecente morada
Que poida roubarche o amor dos teus fillos.
Ao partir do fulgor desta vida
O noso derradeiro desexo mistúrase co teu
E loita e así se afana para seguir
Con ollos nubrados a túa face.
Non deixariamos a nosa terra nativa
Por un mundo máis aló da tumba.
Mellor é que no teu amoroso peito
Nos deixes de xeonllos en eterno descanso,
Ou espertar para compartir contigo
Unha mesma inmortalidade.

17 de xullo de 1841

¡QUE FERMOOSA BRILLA!

Que fermosa brilla!

Que tranquila estou baixo a luz de prata!

Mentres o ceo e a terra murmuran:

“Soña esta noite, esperta mañá”.

Sí, vén fantasía, a miña fada prezada,

Bica suave esta testa latexante,

Achégate ao meu leito solitario

E tráeme acougo, faime rir.

O mundo distánciase. Escuro mundo adeus.

Feo mundo, agóchate até que veña o día:

O corazón que non podes dominar

Resistirase aínda se ti te demoras.

Non Quero, non quero compartir o teu amor,

O teu odio un sorriso esperta,

As túas dores firen, as túas maldades estragan,

Pero non poden seducir as túas mentiras:

Mentres contemplo sobre min as estrelas fulgorosas

Neste mar sen treboadas,

Quero crer que todo o infortunio

Que a creación coñece está en ti.

Este será o meu soño da noite:

Pensarei que o ceo de gloriosas esferas

Vai rodando no curso da luz,

Na felicidade eterna, nos anos sen fin.

Pensarei que non hai outro mundo máis aló.

Até onde os meus esforzados ollos poidan ver,

Onde a razón se mofa do amor;

Ou a virtude se dobregue á maldade.

Onde loitando baixo os golpes da fortuna

Ao lacerado infeliz se lle pida un sorriso,

Para igualar a súa paciencia co odio do fado,

Aínda que sexa sempre rebelde o seu corazón.

Onde o pracer aínda leve cara ao mal,

E a indefensa razón advirta en van,

A verdade sexa débil, a traición poderosa,

E o gozo o camiño máis curto para á dor;

E a paz este letargo de pesadume,

A esperanza da alma unha pantasma,

A vida un traballo breve,

E a morte, a déspota suprema.

13 de abril de 1843

PREGUNTA

Veloz pasa a tarde,

A hora da quietude xa se achega.

Que deixou o día que se foi?

Que sentimento deixou no teu peito?

O día que se foi deixou o saber amargo

Do traballo non cumprido,

De moito malgasto e pouco proveito,

Só unha nota de dor.

O Tempo parado diante das portas da Morte

Cruel que me censura,

E a Conciencia ouleante

Negros reproches verquen sobre min.

Aínda que crea que a Conciencia minte

E o Tempo ao fado condena,

Unha feble atrición nubra os meus ollos

E faime claudicar ante eles.

Práceche pois buscar quietude,

E sínteste leda de deixar o mar,

E ancorar os teus tristes infortunios

Na sosegada Eternidade?

Nada lamenta ollarte marchar,
Nin hai unha voz que chore unha despedida;
E onde tanto sufriu o teu corazón,
Desexas por sempre alí habitar?

Ai! Moitos e fortes son os lazos
Que nos amarran a este corpo lamacente;
O amante espírito esvaece
E non se decide a partir.

É doce o repouso cando o laurel da fama
Coroa a fronte do soldado,
Mais o valeroso corazón de nome sen gloria
Prefire a loita a descansar.

Longa foi a túa loita,
Durou toda unha vida,
Humillaches á Mentira e pisoteaches ao Temor,
Que che resta pois por facer?

É certo, este brazo combatiu coa calor,
Arriscou o que poucos arriscaron,
Moito fixen, en dar fun xenerosa,
Mais pouco aprendín a sufrir.

Contemplan a tumba onde durmirás,
É o teu último e duro destino;
Será penoso non chorar
Se é infortunio este descanso.

O longo combate remata na derrota,
Derrota asumida con serenidade;
O teu solpor aínda resulta doce
E a túa noite un glorioso amencer.

23 de outubro de 1842 – 6 de febreiro de 1843

SEPULCRO NO MAR

Onde refulxe o sol máis lustroso
Das tardes do doce estío?
Onde cae a neve máis fina
Dos desolados ceos de Decembro?

Onde pode o canso pousar a súa cabeza
E tela por sempre a salvo
Nun sepulcro que nunca pecha
Ao sorriso benigno dos ceos?

Sobre a terra á luz do sol de Primavera
A herba crece verde e vizosa,
Pero debaixo é medianoite,
Medianoite eterna.

Entón, por que lamentar que aqueles que amamos
Fuxan cara ao sepulcro, prisión da Terra?
Como se as flores que crecen no ceo
Enfeitizaran as sus propias tebras.

Dende o máis tenue amencer
Até as sombras máis densas da tarde
Non cesará o teu lamento

Para sabermos onde repousa ela.

Mais se chorar sobre o seu sepulcro
é un favor tan prezado
derrama as túas bágoas sobre as augas do mar
e a ela cedo chegarán.

Se na túa violenta dor
En loucura se volve a túa morriña,
Pensa que sobre ela o ceo refulxe
Como refulxe sobre ti.

Penetra o Profundo coa visión da túa mente,
Olla como ela descansa aló embaixo
E dime por que tan bendito durmir
Pode causar semellante dor amarga.

1 de maio de 1843

SOÑO DIURNO

Estaba soa na faldra soleada
Unha tarde de estío,
Era o tempo das vodas de Maio
Coa súa nova amante Xuño.

Pesáballe partir do corazón da súa nai
A esta raíña de encantos nupciais,
Pero o seu pai sorría á nena máis fermosa
Que nunca tivera nos seus brazos.

As árbores movían a súa plumaxe,
Os paxaros modulaban alegres chíos,
Mais dos convidados a esas vodas
Só eu mantíñame coitado.

Ninguén quería esquivar
O meu aire ausente de carácter,
Pero as rochas grises ollándome
Dicían: “Que fas ti aquí?”

Non souben que responder
Certamente non o sabía
Por que trouxera os meus tristes ollos
A celebrar esta gran festa.

Repousando nunha musgosa faldra
Apreixei o meu corazón onda min,
Ambos os dous nos afundimos con pena
Nun doce adormecer.

E pensamos: “ Cando veña do novo o inverno
Onde estará toda esta fermosura?
Todo esvaecido coma unha visión irreal,
Coma una mofa baldeira.

Os paxaros que agora tan ledos cantan,
Atravesando xélidos e secos desertos
Pobres espectros da primavera perdida,
En famélicos tropeis voarán.

Por que temos que estar ledos?
A folla agora case non é verde
Xa o anuncio da caída
Amosa na súa superficie.”

Se todo isto foi verdade ou non
Eu nunca estiven segura;
Mais como nunha arroutada de mal humor
Tumbeime na faldra.

Milleiros e milleiros de fogos ardentes
Parecían alumear o aire,

E milleiros e milleiros de liras de prata
Resoaban polo mundo.

Pareceume que o aire respiraba
Estaba cheo de músicas divinas,
E que o meu leito de breixos
Permanecía coroado
Por este fulgor celestial.

E mentres no ancho mundo escoitábase
Esta música estraña,
O pequeno espírito cantaba refulxente,
Ou aseméllaseme a min cantar.

“Ouh, ser mortal, déixaos morrer,
Que o tempo e as bágoas todo o destrúan
Para que poidamos anegar o ceo
Con este gozo universal.

Que a dor extravíe o peito do que sofre
E a noite escureza o seu camiño,
Que o poidan levar ao descanso eterno
E a un día sen fin.

Para ti o mundo é un sartego,

Unha beira espida do deserto,
Para nós, un inconcebible abroullar,
fulgura cada vez máis.

Se puidéramos erguer o veo
E ollar brevemente os teus ollos,
Alegraríaste polos que viven
Porque viven para morrer.”

A música cesou; o soño diurno,
Coma o da noite, esvaeceuse,
Mais aínda a Fantasía ás veces cree
Que o que ela inventou foi verdade.

Á IMAXINACIÓN

Cando cansa dos coidados dun longo día,
Cando só unha dor por outra cambia no mundo,
Cando xa, perdida estou, ao fío do desespero,
Soamente revivo coa túa doce voz,
Ouh! Fiel amiga, non estou soa
Mentres me poidas falar así.

Tan triste é o mundo de fóra
Que o mundo interior estimo dobremente;
No teu non hai crime, non hai dúbida, nin odio,
E nunca se alza a sospeita fría.
Alí, ti e máis eu e a Liberdade
Prevalecemos sen disputa.

Que importa que á nosa beira
Haxa perigo, maldade, néboa
Se recollido no noso peito
Hai un ceo claro que brilla
Quente por un sen fin de raios
Duns soles que non saben do inverno?

Se cadra a razón proteste
Pola taciturna realidade da vida

E advirta ao doente corazón
O absurdos que poden ser os seus soños prezados,
E a verdade pode pisotear con brusquedade
Ás flores que a Fantasía agora mesmo aireou.
Mais ti estás sempre ahí, para volver a nacer,
Co seu sopro de vida,
As eternas visións ao seco manancial
E sacar da morte unha vida máis viva,
E falar ao oído con voz divina
De outros mundos reais tan fermosos coma o teu.

Case non confío nos teus arroubos pantasmais
Pero nas horas quedas da tarde,
En permanente gratitude,
Acóllote, ouh! Benéfico poder,
Solaz de coidados humanos
Esperanza pura cando a esperanza cesa.

3 de setembro de 1844

ESCEA DE MORTE

Ouh, día! Él non pode morrer hoxe
Cando ti resplandeces tan fermoso,
Ouh sol, en tan espléndido ceo
E tan quedo así te agochas.

Él non pode deixarte hoxe
Mentres sopran os ventos frescos do oeste
E ao redor da súa nova fronte
A luz alegre alumea sen descanso.
Amigo meu, esperta, esperta,
A dourada tarde lostrega
Cálida e refulxente no lago de Arden,
Esperta pois dos teus soños.

Xunto a ti, de xeonllos,
Meu querido amigo, prégoche
Que para atravesar o mar eterno
Tardes unha hora máis.

Escoito ruxir as ondas do mar,
Vexo a súa erguida espuma;
Mais nin o roce da outra beira
Bendice o meu esforzado ollar.

Non creas o que che din
Das lonxanas illas do Edén;
Regresa das impetuosas ondas
Á túa agraciada terra natal.

Non é morte, é dor
O que loita no teu peito;
Ánimo, amigo, esperta de novo,
Non te podo deixar durmir.

Unha longa ollada triste repróbame
Non poder soportar a dor,
Unha ollada muda penétrame
E lamenta a miña inútil pregaría.

Cesou o alento desesperado
Como nun súbito frear;
E ningún signo máis de angustia
Fixo tremar a miña alma ese día tan noxento.

Pálido á fin o doce sol caía,
Cantou á paz a brétema do solpor,
O orballo estival caía docemente

Humedecendo o val, os sendeiros
e as árbores silenciosas.

Pesados os seus ollos volvéronse,
Pesados baixo un soño mortal,
As súas nenas misteriosamente coitadas
Nubréronse como se quixeran chorar.

Mais non choraron, inmóviles,
Non se movían, non se pechaban,
Non se turbaban, nin un tremor,
Sen vagar, nin sequera durmir.

Sabía que estaba morrendo,
Axeonlleime para erguer a súa lánguida cabeza,
Non respiraba, non se escoitaba un suspiro;
Así souben que xa morrera.

NON É COVARDE A MIÑA ALMA

Non é covarde a miña alma.

Non trema ante a esfera vergoñenta do mundo.

Vexo como refulxen as glorias do ceo,

E como brilla a miña fe que se defende do medo.

Ouh! Deus que estás no meu peito,

Poderosa Deidade sempre presente,

Ouh! Vida que en min descansas,

Como eu, Vida Eterna, descanso en Ti.

Baldeiros, completamente baldeiros,

Son os milleiros de crenzas

Que moven o corazón do home,

Inertes como xuncos murchos,

Inútiles como a espuma do ancho mar,

Para espertar nalgunha alma a dúbida

Asida tan forte pola túa infinitude,

Con tanta forza ancorada

Na rocha permanente da Inmortalidade.

Nunha grande aperta de amor

O teu espírito anima anos sen fin,

E aló enriba reina e medita,

Cambia, sostén, dissolve,

Crea e dá vida.

Aínda que a terra e a lúa desaparezan,
Os soles e universos deixaran de existir
e ti quedases só
toda existencia estaría en ti.

Non hai lugar para a morte,
Nin átomo que o seu poder faga inútil,
Xa que ti eres o alento e a vida,
O que ti es, nunca poderá esvaecerse.

2 de enero de 1846

MORTE! QUE GOLPEOU CANDO MÁIS CONFIABA

Morte! Que golpeou cando máis confiaba,
Na miña fe certa para ser outra vez golpeada;
O insensible Tempo murchou na póla,
Arrincando a doce raíz da Eternidade.

A follaxe, sobre o espazo das Horas
Crece brillante e louzá,
Bañada pola pingas prateadas,
Cheas de sangue verde;
Baixo un refuxio tardío reuníronse as aves,
Espantando ás abellas dos seus reinos florais.

A Mágoa pasou, arrastrando a flor dourada,
A Culpa espida do seu vestido de orgullo,
Mais dentro desta amabilidade simulada,
A Vida fluiu nun silencioso murmurio.

Pouco chorei pola alegría perdida,
Pola muda canción e os nichos baleiros,
A Esperanza estaba alí, e rin de Tristura,
Susurrando; O inverno axiña será vencido!

E contemplade! Crecendo por dez a súa bendición,

A Primavera encheu de beleza á agonizante estación;
Bicáronnos o Vento, a Chuvia, e a fervorosa calor
Avasallándonos con gloria no dous de Maio.

Elevouse alto: as ás da dor non poderían barrelo,
O seu fulgor distante forzou a fuga do temor;
Na súa esencia, tiña o poder do Amor,
Alonxándose de todo mal, de toda praga, excepto de ti.

Morte cruel! As novas follas caen e languidecen,
O solpor de aire xentil daquela resiste;
Mais o sol da mañá mófase da miña pena.
O Tempo, para min, xa nunca máis abroullará.

Derribádeo, para que outras follas poidan abroullar,
Onde as novas árbores repousan,
Así, os seus carcomidos cadáveres nutrirán
Aquel seno de onde xurdiron: A Eternidade.